

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A XESTIÓN DA REDE DE CALOR, SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE, SEGUEMENTO, LOBORES OPERATIVAS E DE MANTEMENTO INTEGRAL DA REDE DE CALOR CON BIOMASA DE SILLEDA.**

Reunidos na sala de xuntas da casa consistorial, o día 02/04/2019 ás 11:10 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato PARA A XESTIÓN DA REDE DE CALOR, SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE, SEGUEMENTO, LOBORES OPERATIVAS E DE MANTEMENTO INTEGRAL DA REDE DE CALOR CON BIOMASA DE SILLEDA, formada por D. Manuel Cuiña Fernández (Alcalde do Concello), que actuará como presidente; D. Lopoldo Moure Dopico (Interventor do Concello); D. David García Lareo (Secretario accidental do Concello), que actuarán como vogais, e D. Julio Méndez Castro, que actuará como secretario da mesa.

Están presentes na mesa, ademáis dos membros que a compoñen, D. Felipe Ovalle Pintor, representante da empresa Greenalia e D. Francisco Pereira Pedreira, representante da empresa Veolia.

Queda a Mesa constituída, e declara admitidas as seguintes proposicións:

- Núm. de rexistro de entrada: 1.292. Empresa: VEOLIA SERVICIOS NORTE, S. A. U.
- Núm. de rexistro de entrada: 1.304. Empresa: ECOCONTROL GESTIÓN ENERGÉTICA, S. L..
- Núm. de rexistro de entrada: 1.338. Empresa: MEDANCLI, S. L..

Ao non formularse ningunha reclamación, procédese á apertura dos sobres “A”, que conteñen a documentación administrativa, co seguinte resultado:

- Empresa: VEOLIA SERVICIOS NORTE, S. A. U. Non se observa defecto.
- Empresa: ECOCONTROL GESTIÓN ENERGÉTICA, S. L. Non se observa defecto
- Empresa: MEDANCLI, S. L. Non se observa defecto.

Despois de comprobar as proposicións, xa que non se observou ningún defecto nas mesmas, procédese a abrir os sobres “B”, que conteñen a proposición económica e documentación cuantificable de forma automática, co seguinte resultado:

1.- Empresa: VEOLIA SERVICIOS NORTE, S. A. U.

- |                              |                     |
|------------------------------|---------------------|
| o Proposición económica:     | 31,09 puntos        |
| o Outros criterios/melloras: | 55,00 puntos        |
| <b>o Total puntuación:</b>   | <b>86,09 puntos</b> |

2.- Empresa: MEDANCLI, S. L.

- o Proposición económica: 12,62 puntos
- o Outros criterios/melloras: 60,00 puntos
- o **Total puntuación: 72,62 puntos**

3.- Empresa: ECOCONTROL GESTIÓN ENERGÉTICA, S. L.

- o Proposición económica: 11,70 puntos
- o Outros criterios/melloras: 55,00 puntos
- o **Total puntuación: 66,70 puntos**

Polo tanto, a mesa proponlle ao órgano de contratación a clasificación das ofertas na orde sinalada.

O presidente dá por rematada a reunión ás 11,45 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a acta, que someto á sinatura do presidente e dos vogais, e dou fe.

Silleda, 2 de abril de 2019

A mesa de contratación

O Presidente

Manuel Cuiña Fernández

O Secretario

Julio Méndez Castro

Vogais:

Leopoldo Moure Dopico

David García Lareo